

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

- 1234** *Orde FOM/167/2015, do 6 de febreiro, pola que se regulan as condicións para a entrada en servizo de subsistemas de carácter estrutural, liñas e vehículos ferroviarios.*

O Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral, incorpora parcialmente ao dereito interno a Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade. A dita directiva establece as condicións que se deben cumprir para lograr no territorio comunitario a interoperabilidade do sistema ferroviario, entre as cales están o proxecto, a construción, a entrada en servizo, a rehabilitación, a renovación, a explotación e o mantemento dos elementos do dito sistema. Os anexos do citado real decreto foron modificados pola Orde FOM/3218/2011, do 7 de novembro, pola que se modifican os anexos II, V e VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral, así como pola Orde FOM/421/2014, do 13 de marzo, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

A finalidade desta orde é desenvolver os artigos 10 e 16 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, que dispoñen que por orde ministerial se establecerán os procedementos de autorización de entrada en servizo dos subsistemas e dos vehículos. Como parte diso, a orde describe os réximes para a entrada en servizo dos subsistemas de carácter estrutural e as condicións e os requisitos para o outorgamento das autorizacións de entrada en servizo dos vehículos, tanto as de primeira autorización como as autorizacións adicionais de entrada en servizo dos vehículos, as de serie e continuación de serie e as de tipo de vehículo, diferenciando os que están conformes coas especificacións técnicas de interoperabilidade (ETI) e os non conformes.

Así mesmo, a propia Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, habilita no seu artigo 58 o Ministerio de Fomento para establecer, mediante orde, as condicións e os requisitos para a autorización e posta en servizo de todos os subsistemas de natureza estrutural que compoñen o sistema ferroviario, así como as condicións para o adecuado funcionamento dos subsistemas de natureza funcional. De igual maneira, habilítase o Ministerio de Fomento para establecer, mediante orde, as condicións e os requisitos para a homologación e o rexistro do material rodante que circule polas liñas ferroviarias da rede ferroviaria de interese xeral, así como o réxime de autorización e funcionamento dos centros de homologación do dito material.

Resulta necesario, igualmente, a modificación da Orde FOM/233/2006, do 31 de xaneiro, pola que se regulan as condicións para a homologación do material rodante ferroviario e dos centros de mantemento e se fixan as contías da taxa por certificación do dito material, que establece, entre outros, os requisitos necesarios para a circulación dos vehículos ferroviarios pola rede ferroviaria de interese xeral e a regulación das autorizacións requiridas respecto diso, ao modificar a Directiva 2008/57/CE a normativa europea existente no momento da elaboración da mencionada orde.

Así mesmo, a orde completa a transposición da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade, no que se refire aos capítulos IV e V.

Na elaboración da orde tívose en conta, así mesmo, en relación coa autorización de entrada en servizo, a Recomendación da Comisión, do 29 de marzo de 2011, relativa á autorización da entrada en servizo dos subsistemas de carácter estrutural e dos vehículos recollidos na Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, que se

constitúe nun documento imprescindible e de referencia para a aplicación da mencionada directiva e da súa parte nuclear e que altera profundamente o réxime e o procedemento seguidos ata o de agora na maioría dos Estados da Unión Europea.

Por outra banda, a orde modifica as contías da taxa por entrada en servizo de material rodante para cada clase de vehículo ferroviario, en uso da habilitación sinalada no artigo 72 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

Compoñen o texto desta orde vinte e nove artigos distribuídos en oito títulos aos cales se engaden seis disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, catro disposicións derradeiras e un anexo.

Esta orde foi sometida aos trámites establecidos no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, e na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas á sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís, coa conformidade do secretario xeral de Infraestruturas e do secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e alcance desta orde.*

1. É obxecto desta orde:

a) O establecemento dos requisitos que deberán reunir os subsistemas de carácter estrutural, tanto individualmente como agrupados en liñas ou en vehículos ferroviarios para poder ser postos en servizo na rede ferroviaria de interese xeral de conformidade co artigo 10.4 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral. Tales requisitos referiranse ás condicións que tendan a garantir os requisitos esenciais definidos no anexo III do dito real decreto.

b) A regulación do proceso de autorización de entrada ou posta en servizo de subsistemas de carácter estrutural, liñas e vehículos ferroviarios.

c) A fixación das contías da taxa pola entrada en servizo de material rodante para cada clase de vehículo ferroviario.

2. Non é obxecto desta orde a fixación das características das unidades ou depósitos de transporte de mercadorías perigosas ou perecedoiras que, pola súa vez, vaian incorporadas sobre material rodante ferroviario, nin a modificación da normativa técnica de inspección, aprobación ou reparación das citadas unidades, recollida no Regulamento relativo ao transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril (RID) e no Acordo sobre transportes internacionais de mercadorías perecedoiras e sobre vehículos especiais utilizados nestes transportes (ATP).

3. Así mesmo, de conformidade coa disposición adicional única do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, os vehículos reservados a un uso estritamente histórico ou turístico quedan excluídos do ámbito de aplicación.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase por:

a) Compoñente de interoperabilidade: todo compoñente elemental, grupo de compoñentes, subconxunto ou conxunto completo de materiais incorporados ou

destinados a ser incorporados nun subsistema, dos cales dependa directa ou indirectamente a interoperabilidade do sistema ferroviario. O concepto «compoñentes» engloba non só obxectos materiais senón tamén inmateriais, como os programas informáticos.

b) Subsistemas: o resultado da división do sistema ferroviario segundo se define no anexo II do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro. Os subsistemas de carácter estrutural son: infraestrutura, enerxía, control-mando e sinalización en terra, control-mando e sinalización a bordo e material rodante. Os subsistemas de carácter funcional son: explotación e xestión do tráfico, mantemento e aplicacións telemáticas para servizos de viaxeiros e de transporte de mercadorías.

c) Especificación técnica de interoperabilidade (ETI): unha especificación adoptada conforme a normativa comunitaria de que é obxecto cada subsistema ou parte de subsistema, con vistas a satisfacer os requisitos esenciais e garantir a interoperabilidade do sistema ferroviario.

d) Caso específico: toda parte do sistema ferroviario que requira disposicións particulares nas ETI, temporais ou definitivas, por exixencias xeográficas, topográficas, de ámbito urbano ou de coherencia co sistema existente. Pode incluír, en especial, os casos das liñas e redes ferroviarias illadas do resto da rede comunitaria, o gálibo, o largo de vía ou o espazo entre as vías, así como dos vehículos destinados ao uso estritamente local, rexional ou histórico e dos vehículos procedentes de terceiros países ou con destino a estes.

e) Puntos abertos: parámetros técnicos correspondentes aos requisitos esenciais que non puideron ser tratados de maneira explícita nunha ETI no momento en que esta foi redactada.

f) Instrucións ferroviarias (IF): conxunto de especificacións técnicas que complementan as ETI e que inclúen, entre outras, as exixencias a nivel nacional necesarias para cubrir os requisitos esenciais definidos no anexo III do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, e que debe cumprir todo subsistema de carácter estrutural para poder obter a autorización de entrada en servizo.

g) Organismo notificado: o encargado de avaliar a conformidade ou a idoneidade para o uso dos compoñentes de interoperabilidade ou de tramitar o procedemento de verificación «CE» dos subsistemas.

h) Organismo designado: o encargado, conforme o disposto no artigo 12.3 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, de efectuar o procedemento de verificación de subsistemas no caso de normas nacionais.

i) Organismo de avaliación da seguridade: persoa ou entidade independente e competente interna ou externa, que leva a cabo unha investigación que lle permita emitir un xuízo, baseado en probas, sobre a idoneidade dun sistema para cumprir os seus requisitos de seguridade, de acordo co procedemento establecido no Regulamento de execución (UE) 402/2013 da Comisión, do 30 de abril de 2013, relativo á adopción dun método común de seguridade para a avaliación e valoración do risco e polo que se derroga o Regulamento (CE) 352/2009, e que estará suxeito a un proceso previo de acreditación ou recoñecemento conforme o establecido nese regulamento.

j) Verificación «CE»: procedemento definido no anexo VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, polo que un organismo notificado comproba e certifica, de conformidade coa normativa comunitaria, que un subsistema é conforme coas ETI correspondentes e coas demais disposicións comunitarias que lle sexan aplicables.

k) Verificación no caso de normas nacionais: procedemento definido no anexo VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, polo que un organismo designado comproba e certifica, seguindo os módulos indicados nas IF, que o subsistema cumpre as normas nacionais que lle sexan de aplicación.

l) Declaración «CE» de verificación de subsistemas: documento expedido polo solicitante, de conformidade coa normativa comunitaria, a partir da verificación «CE», para a obtención, de ser o caso, da autorización de entrada en servizo. Os contidos deste

documento son os que se indican no anexo V do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

m) Declaración de verificación dos subsistemas no caso das normas nacionais: documento expedido polo solicitante similar ao definido na alínea l) pero relativo ás normas nacionais.

n) Rehabilitación: os traballos importantes de modificación dun subsistema ou dunha parte de subsistema que melloren o seu rendemento global.

o) Renovación: os traballos importantes de substitución dun subsistema ou dunha parte dun subsistema que non afecten o rendemento global do subsistema.

p) Liña: liña ferroviaria é a parte da infraestrutura ferroviaria que une dous puntos determinados do territorio e que está integrada polos seguintes elementos: plataforma da vía, superestrutura, como carrís e contracarrís, travesas e material de suxeición, obras civís como pontes, viadutos e túneles, e instalacións de electrificación, de sinalización e seguridade e de telecomunicación da vía, camiños de servizo, e os elementos que permiten a iluminación. Desde o punto de vista desta orde, unha liña pode estar formada por un ou por máis subsistemas estruturais e funcionais ou por partes dos ditos subsistemas.

q) Modificación dunha liña: calquera renovación ou rehabilitación levada a cabo nos subsistemas que compoñen unha liña.

r) Vehículo: un vehículo ferroviario que circula coas súas propias rodas por liñas ferroviarias, con ou sen tracción. Un vehículo está composto por un ou máis subsistemas estruturais e funcionais ou por partes dos ditos subsistemas.

s) Tipo: un tipo de vehículo polo cal se definen as características básicas do deseño do vehículo cuberto pola «certificado CE de exame de tipo» descrito no módulo SB da Decisión da Comisión 2010/713/UE, do 9 de novembro de 2010, sobre os módulos para os procedementos de avaliación de conformidade, idoneidade para o uso e verificación CE que se deben utilizar nas especificacións técnicas de interoperabilidade adoptadas en virtude da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

t) Serie: un número de vehículos idénticos dun tipo de deseño.

u) Modificación dun vehículo ferroviario: calquera renovación ou rehabilitación levada a cabo nos subsistemas que compoñen o vehículo.

v) Posuidor: persoa ou entidade que explote un vehículo como medio de transporte, ben sexa o seu propietario, ben teña dereito a utilizalo e estea rexistrada no Rexistro Especial Ferroviario.

w) Número de vehículo europeo (NVE): número que será asignado ao vehículo cando se conceda a primeira autorización da entrada en servizo no sistema comunitario.

x) Rexistro Especial Ferroviario (REF): rexistro mantido pola autoridade responsable da seguridade ferroviaria, definido segundo o título V do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario. A súa sección 5.^a ten a consideración de Rexistro Nacional de Vehículos, conforme o artigo 19 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

y) Rexistro Europeo de Tipos Autorizados de Vehículos (ERATV): rexistro dos tipos de vehículos autorizados polos Estados membros para a súa entrada en servizo na rede ferroviaria da Comunidade, de conformidade co artigo 34 da Directiva 2008/57/CE, do 17 de xuño de 2008, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade, e coa Decisión de execución da Comisión 2011/665/UE, do 4 de outubro de 2011, sobre o Rexistro Europeo de Tipos Autorizados de Vehículos Ferroviarios.

z) Entidade encargada do mantemento: entidade encargada do mantemento de vehículos ferroviarios, rexistrada como tal no Rexistro Especial Ferroviario e que asume a responsabilidade das seguintes funcións de mantemento: xestión, desenvolvemento do mantemento, xestión do mantemento da frota e execución do mantemento.

TÍTULO II

Instrucións ferroviarias

Artigo 3. *Redacción e adopción das instrucións ferroviarias.*

1. O Ministerio de Fomento, por proposta da autoridade responsable da seguridade ferroviaria, aprobará as instrucións ferroviarias (IF) que deben cumprir todo subsistema e os seus compoñentes para poder obter as correspondentes autorizacións de entrada en servizo. Na elaboración das ditas instrucións realizaranse consultas aos axentes do sector, con participación de expertos cualificados na materia procedentes de administradores de infraestruturas, empresas ferroviarias, fabricantes de material rodante ferroviario e compoñentes ferroviarios, empresas mantedoras e demais entidades que operen no sector ferroviario.

2. Cando sexa necesario actualizar as IF dun determinado subsistema como consecuencia da modificación dunha ETI, aplicarase transitoriamente ata a aprobación e entrada en vigor das novas IF a ETI complementada coa antiga IF. En caso de contradición entre o disposto na IF antiga e a nova ETI, prevalecerán as especificacións indicadas nas ETI.

3. As IF incluírán, entre outras, aquelas especificacións necesarias para cumprir os requisitos esenciais definidos no anexo III do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, que non fosen incluídas nas ETI, complementando as ETI para a verificación do subsistema. En particular, desenvolverán, para cada subsistema ou parte de subsistema, como mínimo, os seguintes contidos:

- a) O ámbito a que se dirixen.
- b) As exixencias relativas ao cumprimento dos requisitos esenciais dos subsistemas e as súas interfaces co resto do sistema ferroviario que non fosen cubertas polas ETI de aplicación. En particular, incluírán os requisitos relativos aos puntos abertos e casos específicos.
- c) Os requisitos e as pautas de mantemento precisas para conservar as características técnicas exixibles ao longo da vida útil do subsistema.
- d) Os procedementos (módulos) de avaliación segundo o disposto na Decisión da Comisión 2010/713/UE, do 9 de novembro de 2010, sobre os módulos para os procedementos de avaliación da conformidade, idoneidade para o uso e verificación CE que se deberán utilizar para a verificación das exixencias.

Igualmente, as IF poderán estipular instrucións específicas no caso de modificación de subsistemas que xa foron postos en servizo de conformidade co artigo 15 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

TÍTULO III

Compoñentes de interoperabilidade

Artigo 4. *Comunicación de entrada no mercado de compoñentes de interoperabilidade.*

1. Segundo o establecido na Directiva 2008/57/CE, do 17 de xuño de 2008, as ETI definirán os compoñentes de interoperabilidade dentro do seu ámbito de aplicación, así como os procedementos que se deberán utilizar para avaliar a conformidade ou a idoneidade para o uso destes. Os ditos procedementos basearanse nos módulos definidos na Decisión da Comisión 2010/713/UE.

2. Todo fabricante que teña a intención de pór no mercado compoñentes de interoperabilidade, conforme o previsto no artigo 6 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, deberá comunicarllo á autoridade responsable da seguridade ferroviaria. O fabricante deberá:

- a) Comunicar a intención de iniciar o proceso de avaliación da conformidade ou idoneidade para o uso conforme o procedemento definido no capítulo III do Real

decreto 1434/2010, do 5 de novembro, e as especificacións concretas definidas nas ETI para cada tipo de compoñente.

b) No momento da finalización do proceso, remitir a declaración «CE» emitida polo fabricante e o certificado «CE» emitido polo organismo notificado xunto co expediente, segundo o estipulado no anexo IV do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

TÍTULO IV

Subsistemas

Artigo 5. *Réxime xeral de autorización de entrada en servizo de subsistemas.*

1. Sen prexuízo do disposto nos títulos V e VI desta orde, e de acordo co disposto no artigo 10 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria autorizará a entrada en servizo dos novos subsistemas de carácter estrutural integrantes do sistema ferroviario que se implanten ou exploten na rede ferroviaria de interese xeral.

2. Os ditos subsistemas só poden entrar en servizo de seren deseñados, construídos e instalados de modo que se cumpran os requisitos esenciais definidos no anexo III do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, cando se integren no sistema ferroviario.

3. En concreto, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria comprobará previamente á concesión da autorización:

- a) O cumprimento dos requisitos esenciais.
- b) A compatibilidade técnica dos subsistemas co sistema ferroviario no cal se integran.
- c) A integración segura dos ditos subsistemas de conformidade co establecido no artigo 3 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, aprobado polo Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, e na normativa comunitaria.

Artigo 6. *Fase inicial: comunicación previa á autoridade responsable da seguridade ferroviaria.*

1. Cando, con obxecto de obter a autorización de entrada en servizo, se desexe iniciar a fabricación, construción ou modificación dun subsistema estrutural, o solicitante deberallo comunicar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria.

2. A dita comunicación irá acompañada da seguinte información:

- a) Características técnicas preliminares do subsistema.
- b) Normativa vixente a que está suxeito o subsistema para cubrir os requisitos esenciais.
- c) Estimación do prazo de execución do plan de fabricación/construción.
- d) Indicación preliminar do organismo notificado e/ou designado que levará a cabo o proceso de verificación do subsistema.

A referida comunicación poderase presentar nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a través de medios electrónicos, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria, unha vez que reciba a documentación, poderalle pedir ao solicitante, no prazo máximo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presentación da comunicación, os cambios nela que sexan necesarios con vistas á concesión da autorización de entrada en servizo final.

4. De conformidade co artigo 15 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, e tendo en conta os requisitos específicos que conteñan as IF, no caso de subsistemas debidamente autorizados que sexan sometidos a unha modificación, a autoridade

responsable da seguridade ferroviaria decidirá sobre a necesidade de realizar unha nova autorización de entrada en servizo ou non. Para iso, o solicitante comunicarlle á citada autoridade a súa pretensión, xunto coa seguinte información:

- a) Descrición do proxecto de modificación identificando a parte do subsistema que se ve afectada.
- b) Normativa e métodos de verificación aplicables á parte do subsistema obxecto de modificación para cubrir os requisitos esenciais, priorizando na medida do posible a migración cara ao subsistema obxectivo definido nas ETI. En caso de non se aplicar plenamente a ETI, débese xustificar o motivo polo cal non se aplicou integramente.
- c) Organismo encargado da avaliación da conformidade coa normativa referida na alínea b).

Á vista da documentación e da normativa aplicable, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria resolverá no prazo máximo de catro meses desde a presentación do expediente completo. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender que non é necesario realizar unha nova autorización de entrada en servizo.

A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo iso sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 7. *Avaliación do subsistema.*

1. O solicitante, previamente á súa solicitude de autorización de entrada en servizo do subsistema, deberá sometelo ao proceso de avaliación definido nos seguintes puntos.

2. Unha vez que o solicitante teña definido con suficiente grao de detalle o subsistema, deberao pór en coñecemento da autoridade responsable da seguridade ferroviaria para que, de ser o caso, esta lle indique as posibles exixencias complementarias relativas á compatibilidade técnica e integración segura.

3. Sen prexuízo do establecido no Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, para a verificación dos subsistemas e compoñentes de interoperabilidade seguiranse os módulos de verificación específicos definidos nas ETI e IF. Ademais, o solicitante deberá seguir o estipulado no Regulamento de execución (UE) 402/2013, do 30 de abril, naqueles casos en que sexa de aplicación e, en particular, para realizar a demostración da integración segura do subsistema.

4. Así mesmo, o solicitante deberá someter a avaliación os requisitos de calquera outra normativa vixente que lle sexa aplicable.

5. No caso de que durante o proceso de fabricación e avaliación xurda a necesidade de solicitar unha excepción ou desconformidade debido a que se produza unha non conformidade coas ETI ou coas normas nacionais que sexan de aplicación, o solicitante seguirá o procedemento establecido no artigo 9 desta orde.

6. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá realizar un seguimento do proceso de fabricación e avaliación do subsistema. Para iso o solicitante porá á súa disposición toda a información requirida.

Artigo 8. *Autorización de entrada en servizo de subsistemas.*

1. Para obter a autorización de entrada en servizo, o solicitante remitirá á autoridade responsable da seguridade ferroviaria a seguinte documentación:

- a) Informe resumo cos aspectos relevantes para a autorización de entrada en servizo do subsistema, indicando, entre outros, características técnicas principais do

subsistema, descrición do proceso de avaliación, grao de cumprimento das características ou restricións de uso.

b) Declaracións de verificación do subsistema, subscritas polo solicitante, respecto das ETI e, de ser o caso, das normas nacionais aplicables, de conformidade co anexo V do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

c) De ser o caso, declaracións «CE» de verificación de que o subsistema cumpre a normativa que lle é de aplicación.

d) Certificados CE de verificación respecto das ETI e certificado de verificación respecto das normas nacionais, outorgado polo organismo notificado e do organismo designado respectivamente, acompañados dos seus respectivos expedientes técnicos, de acordo co establecido no anexo VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

e) Informe do organismo avaliador de seguridade naqueles casos en que o Regulamento de execución (UE) 402/2013, do 30 de abril, sexa de aplicación e, en particular, para realizar a demostración da integración segura do subsistema, incluíndo aqueles aspectos sinalados no artigo 7.2 de esta orde.

f) Certificado dun organismo designado de conformidade coas exixencias complementarias de compatibilidade técnica exixidas pola autoridade responsable da seguridade ferroviaria, de acordo co disposto no artigo 7.2 da presente orde.

A dita documentación poderase presentar nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a través de medios electrónicos, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria concederá, se procede, como máximo dentro dos catro meses seguintes á data de recepción completa da documentación que acompaña a solicitude, a correspondente autorización de entrada en servizo do subsistema, que poderá incluír condicións ou restricións de uso do subsistema, así como o período de validez da autorización. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender que a autorización de entrada en servizo foi concedida.

A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 9. *Excepcións na aplicación das ETI e desconformidades coas normas nacionais.*

1. No caso de que, ao xuízo do solicitante, o subsistema poida estar suxeito a excepcións á aplicación das ETI, de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, ou posibles desconformidades coas normas nacionais, deberao pór en coñecemento da autoridade responsable da seguridade ferroviaria no momento en que se teña coñecemento da dita excepción ou desconformidade e solicitar a non aplicación da ETI ou, de ser o caso, da norma nacional.

2. Xunto coa solicitude de excepción de non aplicación dunha ou varias ETI deberase achegar a seguinte información:

a) Descrición das partes do subsistema suxeitas á excepción.

b) Xustificación de que o subsistema se encontra incurso nalgún dos supostos en que concorre unha excepción, de acordo co disposto no artigo 5.1 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

c) Referencia precisa ás ETI ou parte delas respecto ás cales se solicita a excepción.

d) Relación de normas alternativas aplicadas en substitución da ETI e procedemento e organismo encargado da súa verificación.

e) Xustificación razoada de que concorre unha excepción, que inclúa as principais razóns de carácter técnico, económico, comercial, operativo e/ou administrativo.

f) Xustificación do estado avanzado de desenvolvemento do proxecto, nas solicitudes realizadas en virtude do artigo 5.1.a) do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

g) Proposta de medidas para fomentar a interoperabilidade final do proxecto e o cumprimento progresivo da ETI.

Á vista desta documentación, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá acordar a aplicación ou non das excepcións solicitadas e comunicarllo ao solicitante nun prazo máximo de catro meses.

3. Así mesmo, de conformidade co artigo 5.3 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, cada vez que se adopte unha ETI, os solicitantes afectados por ela deberán comunicar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria a lista de subsistemas que se atopan nunha fase avanzada de desenvolvemento.

4. Analogamente, para as desconformidades coas normas nacionais, xunto coa solicitude deberase achegar a seguinte información:

- a) Descrición das partes do subsistema suxeitas á non conformidade.
- b) Informe xustificativo da non conformidade.
- c) Requisitos e métodos alternativos de avaliación de tal forma que garantan o cumprimento dos requisitos esenciais.
- d) Organismo de avaliación que realizará a verificación das normas alternativas para o cumprimento dos requisitos esenciais.

Á vista desta documentación, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria comunicarlle ao solicitante a aceptación ou o rexeitamento da non conformidade nun prazo máximo de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender que a non conformidade foi aceptada.

A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

TÍTULO V

Liñas

Artigo 10. *Autorización de posta en servizo de novas liñas.*

1. Para os efectos desta orde ministerial, as liñas están formadas polos subsistemas de carácter estrutural fixos: infraestruturas, enerxía e control-mando e sinalización.

2. A posta en servizo de novas liñas deberase autorizar segundo o establecido no artigo 16 do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario.

3. Xunto coa autorización de posta en servizo das liñas, deberase autorizar a entrada en servizo dos subsistemas que a integran, segundo o procedemento disposto no título IV desta orde.

4. Co fin de unificar ambos os procedementos, o solicitante deberá presentar unha única solicitude de autorización de posta en servizo da liña, á cal achegará a seguinte documentación:

- a) Informe de adecuación das obras á normativa técnica aplicable, emitido polo persoal encargado da súa execución e supervisión, establecido no artigo 16 do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro.

b) Documentación acreditativa do cumprimento, na debida forma, da execución do plan de probas que estableza o administrador de infraestruturas ferroviarias ou, de ser o caso, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria, establecida no artigo 16 do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro.

c) Documentación establecida no artigo 8 desta orde, relativa a cada un dos subsistemas que integran a liña, incluíndo as súas interfaces.

d) Certificado do administrador de infraestruturas ferroviarias do cumprimento das condicións exixibles en materia de seguridade na explotación ferroviaria, tal e como se establece no artigo 16 do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro. Esta certificación elaborárase tendo en conta os diferentes informes dos organismos avaliadores de seguridade, segundo o Regulamento de execución (UE) 402/2013, do 30 de abril. Xuntaráselle unha xustificación do peche dos riscos dos distintos subsistemas e das súas interfaces, e un expediente coa documentación que serviu de base para a súa elaboración.

A dita solicitude poderase presentar nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a través de medios electrónicos, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

5. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria concederá, se procede, como máximo dentro do mes seguinte á data de recepción completa da documentación que se xunta á solicitude, a correspondente autorización de posta en servizo da liña e de entrada en servizo dos subsistemas, que poderá incluír condicións ou restricións de uso, así como o período de validez da autorización. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender que non se autoriza a posta en servizo.

A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para dital e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 11. *Modificación de liñas existentes.*

1. Sen prexuízo do que a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poida decidir en cada caso de conformidade co artigo 6.4 da presente orde e do que se estableza a través das IF ou doutras disposicións, no caso de modificación de liñas existentes será necesaria unha nova autorización de posta en servizo da liña, polo menos, nos seguintes supostos:

- a) Modificación substancial do trazado dun traxecto ou parte deste;
- b) A adición dunha ou máis vías dun traxecto ou parte deste, cando a separación entre as vías existentes e as novas sexa significativa;
- c) En xeral, modificacións que requiran da aprobación dun estudo informativo.

Neses casos, seguirase o procedemento establecido no artigo 10 da presente orde, e autorizaranse de maneira conxunta a posta en servizo da liña e a entrada en servizo dos distintos subsistemas que a forman.

2. Non será necesaria unha nova autorización de posta en servizo da liña nos seguintes casos de modificación de liñas existentes, nos cales unicamente será exixible unha comunicación á autoridade responsable da seguridade ferroviaria:

- a) Instalación de novos subsistemas de electrificación ou control-mando e sinalización. Neste caso deberá procederse a realizar, de acordo co procedemento recollido no título IV desta orde, a autorización de entrada en servizo dos novos subsistemas.

b) Renovación ou rehabilitación dos subsistemas preexistentes, naqueles supostos en que a autoridade responsable da seguridade ferroviaria decida, de conformidade co artigo 6.4 da presente orde, que requiren unha nova autorización de entrada en servizo de subsistema. Consideraranse incluídos neste caso os supostos de cambio de tensión eléctrica da electrificación ou de cambio de versión ou de nivel de ERTMS.

Xunto coa comunicación do cambio das condicións de explotación, o solicitante remitirá á autoridade responsable da seguridade ferroviaria a documentación establecida no artigo 10.4 correspondente aos elementos suxeitos a modificación e, en particular, a certificación polo administrador de infraestruturas ferroviarias correspondente do cumprimento das condicións exigibles en materia de seguridade na explotación ferroviaria na nova situación da liña.

A autoridade responsable da seguridade ferroviaria emitirá, se procede, como máximo dentro do mes seguinte á data de recepción completa da documentación indicada neste punto, a conformidade co dito cambio nas condicións de explotación e, segundo o procedemento do título IV, as correspondentes autorizacións de entrada en servizo dos subsistemas.

TÍTULO VI

Vehículos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 12. *Clasificación de vehículos.*

1. Un vehículo componse dos subsistemas de carácter estrutural material rodante e, cando cumpra, control-mando e sinalización a bordo.

2. Para os efectos desta orde, distínguense as seguintes clases de vehículos:

a) Locomotoras: vehículo ferroviario que, por medio de tracción térmica ou eléctrica, é capaz de desprazarse en por si e cuxa principal función é remolcar outros vehículos ferroviarios. Inclúense nesta definición, entre outras, as locomotoras de liña, de traballos en vía e os tractores de manobras.

b) Unidades autopropulsadas: as unidades autopropulsadas son aquelas composicións dun ou varios vehículos que, formando un tren indeformable en explotación, están dotadas de tracción térmica ou eléctrica que as fai capaces de desprazarse por si mesmas e, xeralmente, transportan viaxeiros.

c) Coches: vehículos ferroviarios sen tracción propia habilitados para o transporte de viaxeiros, así como os vehículos complementarios para o seu servizo, entre outros, os furgóns destinados a transportar unha carga útil non consistente en viaxeiros, e os vagóns de transporte de automóviles destinados a integrarse nun tren de viaxeiros. Inclúense tamén aqueles coches en composicións fixas que só se poden reconfigurar cando non están prestando servizo.

d) Vagóns: vehículos ferroviarios sen tracción propia habilitados para o transporte de mercadorías. Dentro desta clase considéranse incluídos os vehículos ferroviarios especiais. Enténdese por tales aqueles vehículos deseñados expresamente para o transporte ferroviario que, polas súas dimensións ou masas excepcionais, requiren unhas condicións particulares de circulación. Inclúense tamén os vagóns destinados ao transporte de materiais para actividades tales como a construción ou o mantemento da infraestrutura e susceptibles de realizar transportes comerciais.

e) Material rodante auxiliar: considérase material rodante auxiliar aqueles vehículos ferroviarios que están especificamente habilitados para as tarefas de supervisión, recoñecemento e mantemento da vía e das súas instalacións fixas, incluíndose, entre

outros, a maquinaria de vía e os vehículos ferrocarril-estrada (bimodais), así como os destinados a trens taller e de socorro.

Artigo 13. *Réxime xeral.*

1. Mentres os vehículos están compostos por subsistemas, son de aplicación as disposicións do título IV desta orde sen prexuízo das disposicións específicas que se inclúen no presente título, que desenvolve o artigo 16 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

2. De conformidade co artigo 16 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, e sen prexuízo do establecido no artigo 19 desta orde, antes de ser utilizado na rede ferroviaria de interese xeral todo vehículo deberá ser autorizado para a súa entrada en servizo pola autoridade responsable da seguridade ferroviaria.

As autorizacións concedidas a vehículos con anterioridade ao 19 de xullo de 2008 conforme acordos internacionais, en particular RIC e RIV, seguirán sendo válidas de conformidade coas condicións en que se autorizasen.

3. Serán válidas en España as autorizacións concedidas por outro Estado membro da Unión Europea, sen prexuízo do disposto nos artigos 19 e 20 desta orde respecto das autorizacións adicionais.

4. Os vehículos que circulen pola rede ferroviaria de interese xeral deberán estar inscritos no Rexistro Especial Ferroviario, creado polo Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro. Para iso, o titular de cada vehículo deberá achegar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria a información indicada no artigo 134 do Regulamento do sector ferroviario, así como a comunicación da entidade encargada do mantemento. Este punto non se aplicará aos vehículos que circulan cunha autorización provisional do artigo 16.

5. Distinguirase entre vehículos conformes coas ETI e vehículos non conformes con elas, cando así o permita a correspondente ETI ou cando sexan susceptibles dunha excepción de conformidade co artigo 5 Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

6. Desde o punto de vista da tramitación da autorización de entrada en servizo de vehículos ferroviarios pódense distinguir os seguintes casos:

- a) Primeira autorización dun vehículo ou dun tipo novo.
- b) Autorización adicional: autorización dun vehículo para circular na rede ferroviaria de interese xeral que xa foi debidamente autorizado nun primeiro Estado membro.
- c) Autorización dun vehículo de conformidade cun tipo xa autorizado (como continuación de serie).
- d) Renovación de tipo, entre outros casos, por expiración do período de validez dun tipo ou cambio de normas de aplicación ao dito tipo.
- e) Nova autorización tras a modificación dun vehículo xa autorizado ou dun tipo.
- f) Combinación dalgúns dos supostos anteriores: neste caso, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria velará por evitar a duplicidade de verificacións e por aplicar o procedemento máis idóneo segundo o caso.

7. As autorizacións de entrada en servizo concedidas de conformidade coa presente orde ministerial entenderanse sen prexuízo doutras condicións impostas ás empresas ferroviarias e ao administrador de infraestruturas ferroviarias para o funcionamento dos ditos vehículos na rede ferroviaria de interese xeral, de conformidade co disposto nos artigos 9, 10, 15 e 16 do Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, polo que se aproba o Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral.

CAPÍTULO II

Procedemento de autorización de entrada en servizo

Artigo 14. *Fase inicial: comunicación previa á autoridade responsable da seguridade ferroviaria.*

1. Cando, con obxecto de obter a autorización de entrada en servizo, se desexe iniciar o procedemento de verificación dun vehículo ferroviario, o solicitante deberallo comunicar previamente á autoridade responsable da seguridade ferroviaria.

2. A dita comunicación incluírá a seguinte documentación:

a) Os datos da entidade que inicia o procedemento. O solicitante deberá indicar en calidade de que realiza a solicitude: fabricante, posuidor, empresa ferroviaria.

b) Identificación do caso a que pertence de entre os indicados no artigo 13.6.

c) Características técnicas preliminares dos subsistemas que compoñen o vehículo e as prestacións básicas do vehículo: velocidade máxima, características mínimas de freada, masas, condicións de uso previsibles, etc.

d) Planos xerais do vehículo.

e) Indicación da normativa a que está suxeito cada subsistema para cubrir os requisitos esenciais.

f) Previsión estimada de plan da fabricación e da distribución en lotes.

g) Indicación preliminar do organismo notificado e/ou designado que levará a cabo o proceso de verificación dos subsistemas.

h) Indicación preliminar do organismo de avaliación de seguridade naqueles casos en que o Regulamento de execución (UE) 402/2013 sexa de aplicación e, en particular, para a demostración da integración segura dos subsistemas que compoñen o vehículo, incluíndo as súas interfaces, e entre o vehículo e a rede ferroviaria de interese xeral.

A referida comunicación poderase presentar nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a través de medios electrónicos, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. No suposto de novos vehículos que se pretendan autorizar de conformidade cun tipo convenientemente autorizado, tamén se incluírá, xunto coa documentación do punto anterior, un informe detallado das posibles diferenzas co tipo xa autorizado.

4. No suposto de vehículos ou tipos existentes xa autorizados suxeitos a modificación:

i. O solicitante engadirá un informe realizado por persoas expertas, competentes e con experiencia na materia e coñecedoras do vehículo, no cal se indiquen as características que, de ser o caso, e como consecuencia da modificación, deben ser validadas de novo.

ii. A información solicitada nas alíneas c), d), e), f), g) e h) do número 2 anterior será relativa á parte modificada do vehículo, así como á súa interface co resto do vehículo e deste coa rede ferroviaria de interese xeral.

5. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria comunicarlle ao administrador de infraestruturas ferroviarias o inicio do expediente e poderá solicitar informe sobre este. No caso de que o administrador de infraestruturas ferroviarias, tras ser consultado, non emitise informe no prazo dun mes, entenderase favorable.

6. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria contestará ao solicitante no prazo de dous meses desde a recepción completa da información solicitada, indicando:

a) No caso dunha primeira entrada en servizo dun vehículo ou dunha modificación que afecte o número de vehículo europeo (NVE), a numeración NVE provisional que se lle/s asigne ao vehículo ou vehículos.

b) No caso de solicitude de continuacións de serie, confirmación de que é aplicable este procedemento ou é necesario crear un novo tipo.

c) No suposto de vehículos ou tipos existentes xa autorizados suxeitos a modificación, a necesidade ou non de obter unha nova autorización de entrada en servizo, de acordo coas exixencias das ETI e IF e a envergadura da modificación. No caso de modificacións, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria terá un prazo de catro meses para emitir a súa resposta ao solicitante.

Transcorrido o prazo de dous meses ou o de catro meses no suposto previsto na letra c) sen que a citada autoridade contestase ao solicitante, deberase entender que non é necesario obter unha nova autorización.

A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 15. *Seguimento do expediente.*

1. Unha vez que se inicie o procedemento de verificación do vehículo, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá realizar o seu seguimento. Para iso, o solicitante porá á súa disposición toda a información que lle requiran.

2. En canto o solicitante teña definido con suficiente grao de detalle o vehículo, deberao pór en coñecemento da autoridade responsable da seguridade ferroviaria para que, de ser o caso, esta lle indique as exixencias relativas á compatibilidade técnica e integración segura e, dentro delas, poderá incluír, de ser o caso, indicacións sobre os percorridos que deberá realizar de entre os que se recollen no anexo da presente orde.

3. O solicitante comunicarlle á autoridade responsable da seguridade ferroviaria o inicio, de ser o caso, do proceso de avaliación detallado no artigo 7 desta orde.

4. No caso de que durante o proceso de fabricación e verificación o solicitante teña coñecemento dunha excepción ou desconformidade coas ETI ou coa normativa nacional, deberallo comunicar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria o antes posible e seguir o procedemento establecido no artigo 9.

Artigo 16. *Autorización provisional de circulación.*

1. A realización das probas, ensaios ou traslados na rede ferroviaria de interese xeral exixirá que o vehículo ferroviario con que se realicen conte cunha autorización provisional de circulación outorgada polo administrador de infraestruturas ferroviarias.

2. Unha vez recibida a contestación da autoridade responsable da seguridade ferroviaria na fase de comunicación referida no artigo 14.6 desta orde, o solicitante dirixirase ao administrador de infraestruturas ferroviarias que o informará das normas xerais que rexerán as súas relacións con este, dos gastos que, de ser o caso, deriven do procedemento de verificación como consecuencia da realización de probas sobre a infraestrutura ferroviaria administrada por aquel, así como das garantías que deberá prestar para facer fronte ás posibles responsabilidades que se poidan orixinar.

3. A autorización provisional de circulación deberá ser solicitada ao administrador de infraestruturas ferroviarias coa antelación suficiente, xuntando a seguinte documentación:

a) A que identifique o solicitante, expresando a súa razón social e o seu domicilio para efectos de notificacións.

b) A que identifique o vehículo ferroviario.

- c) A que exprese o carácter, a planificación e a duración prevista das probas, ensaios ou traslados que se pretenden realizar.
- d) A que describa as instalacións fixas, as comunicacións e a tracción que serán precisas para a realización das probas e as diferentes entidades que intervirán nelas.
- e) No caso de probas e ensaios, a que identifique o organismo notificado, designado ou organismo de avaliación de seguridade encargado da supervisión do procedemento.
- f) Definición do proxecto na súa interacción coa infraestrutura.
- g) Estado de avance do proceso de avaliación do proxecto.

Á vista da citada documentación, o administrador de infraestruturas ferroviarias poderá solicitar motivadamente, atendendo a razóns de seguridade na circulación, as modificacións que xulgue pertinentes nas probas, ensaios ou traslados proxectados.

O administrador de infraestruturas ferroviarias resolverá motivadamente, concedendo ou rexeitando a autorización provisional solicitada, nun prazo máximo dun mes desde a recepción completa da documentación.

As resolucións do presidente da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias esgotarán a vía administrativa. Contra elas caberá interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditalar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

4. A autorización provisional de circulación tratará de satisfacer no posible a solicitude formulada e deberá especificar, polo menos:

- a) A capacidade de infraestrutura de que se dispón para a realización das probas, ensaios ou traslados.
- b) Unidade de contacto do administrador de infraestruturas ferroviarias, que será o interlocutor entre o operador do vehículo e o posto de mando para realizar as probas, ensaios ou traslados.
- c) As condicións de circulación durante as probas, ensaios ou traslados.
- d) O período de validez da autorización que, en todo caso, caducará ao termo das probas, ensaios ou traslados para as cales fose solicitada.

5. O outorgamento desta autorización provisional non requirirá unha verificación completa previa nin a autorización de entrada en servizo, aínda que si se deberá achegar a documentación técnica que permita comprobar que o vehículo está nunhas condicións suficientes para que a execución das probas non xere riscos na circulación nin na infraestrutura.

6. O solicitante poderá solicitar unha prórroga da autorización para a realización das probas. O administrador de infraestruturas ferroviarias outorgará ou, de ser o caso, denegará de forma motivada a citada prórroga nun prazo máximo de quince días.

As resolucións do presidente da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias esgotarán a vía administrativa. Contra elas caberá interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditalar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

7. O solicitante deberá comunicar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria as oportunas autorizacións provisionais de circulación.

CAPÍTULO III

Solicitud de autorización de entrada en servizo

Artigo 17. *Autorización de entrada en servizo. Réxime xeral.*

1. Este artigo é de aplicación para calquera autorización de entrada en servizo dun vehículo, sen prexuízo das consideracións específicas dispostas nos artigos 18 a 23 desta orde.

2. A autorización de entrada en servizo deberá ser formulada ante a autoridade responsable da seguridade ferroviaria. A solicitude de entrada en servizo deberá incluír a seguinte información:

a) Identificación do solicitante, indicando a súa razón social, o seu domicilio para efectos de notificacións, así como a referencia do expediente do inicio do proceso de autorización de entrada en servizo.

b) A que identifique o vehículo ferroviario para o cal se solicita a autorización, xunto coa súa descrición e cun informe resumo da avaliación en que se indiquen aspectos relevantes (entre outros, restricións e opcións) para a autorización de entrada en servizo.

c) Datos necesarios para a inscrición do vehículo na sección 5.^a do Rexistro Especial Ferroviario, e no ERATV, de ser o caso. Os ditos datos asociados ao ERATV deberán estar validados por un organismo designado ou notificado, segundo proceda.

d) Avance do plan de mantemento do vehículo.

Esta solicitude poderase presentar nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a través de medios electrónicos, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. Unha vez que o solicitante presente toda a información requirida, así como a información suplementaria que lle soliciten, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá solicitar informe ao administrador de infraestruturas ferroviarias, que se entenderá favorable se non se emite no prazo dun mes.

4. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria resolverá motivadamente a solicitude de autorización dun vehículo no prazo máximo de dous meses desde a presentación da documentación completa a que se alude no punto anterior, sen prexuízo de que o dito prazo poida ser suspendido ou ampliado de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. A autorización de entrada en servizo dun vehículo pode establecer condicións de uso e, se procede, restricións. Na autorización confirmarase o correspondente número de vehículo europeo ou código alfanumérico de identificación a que se refire o artigo 134.2.i do Regulamento do sector ferroviario.

6. En calquera caso, a autorización dun vehículo implicará a autorización do tipo con que ese vehículo é conforme, no caso en que esta última autorización non exista previamente, de acordo co artigo 21 desta orde.

7. A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 18. *Primeira autorización de entrada en servizo.*

1. Ademais da información indicada no artigo 17.2, o solicitante deberá achegar:

a) As declaracións de verificación dos subsistemas emitidas polo solicitante e os certificados de verificación emitidos polo organismo notificado e, de ser o caso, organismo

designado, así como o expediente técnico que se xunta á declaración CE de verificación, de conformidade cos anexos V e VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro. O certificado do organismo designado incluírá aquelas exixencias relativas á compatibilidade técnica que a autoridade responsable da seguridade ferroviaria solicitase de conformidade co artigo 15.2 desta orde.

b) De ser o caso, e cando exista outra normativa comunitaria aplicable ao subsistema ou parte del, os correspondentes certificados CE. O organismo notificado recompilará os eventuais certificados ou declaracións «CE» que deriven da dita normativa.

c) Informe do organismo avaliador de seguridade naqueles casos en que o Regulamento de execución (UE) 402/2013, do 30 de abril, sexa de aplicación e, en particular, para realizar a demostración da integración segura. Este informe deberá ter en conta o resultado dos percorridos solicitados, de ser o caso, pola autoridade responsable da seguridade ferroviaria de conformidade co artigo 15.2 desta orde.

2. A primeira autorización será concedida pola autoridade responsable da seguridade ferroviaria nos seguintes termos:

a) No caso de que se autorizen todos os subsistemas estruturais dun vehículo conforme coas ETI segundo as disposicións do título IV desta orde, a autorización concederáse sen máis verificacións;

b) Polo que respecta ao material rodante que conte con todas as declaracións «CE» de verificación, os criterios que a autoridade responsable da seguridade ferroviaria verificará con vistas á autorización de entrada en servizo circunscribíranse aos seguintes aspectos:

– A compatibilidade técnica entre os subsistemas pertinentes dos vehículos e a compatibilidade técnica entre o vehículo e a rede ferroviaria de interese xeral;

– A integración segura dos subsistemas que integran o vehículo e do vehículo coa rede ferroviaria de interese xeral;

– As normas nacionais aplicables aos puntos abertos definidos nas ETI;

– As normas nacionais aplicables aos casos específicos definidos nas ETI.

3. Para os aspectos técnicos non cubertos polas ETI aplicaranse as disposicións nacionais notificadas conforme o artigo 12.3 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro.

4. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria concederá, se procede, como máximo dentro dos catro meses seguintes á data da recepción completa da documentación que se xunta á solicitude, a autorización de entrada en servizo do vehículo ferroviario ou de cada un dos vehículos que compoñen a serie.

A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditalo e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 19. Autorización adicional de entrada en servizo de vehículos conformes coas ETI.

1. Aos vehículos cuxa entrada en servizo fose xa autorizada noutro Estado membro da Unión Europea e sexan conformes con todas as ETI pertinentes no momento da súa entrada en servizo, seralles de aplicación o disposto nos puntos seguintes.

2. Os vehículos que estean en plena conformidade coas ETI que cubran todos os aspectos dos subsistemas pertinentes sen casos específicos e sen puntos pendentes estritamente relacionados coa compatibilidade técnica entre o vehículo e a rede non estarán suxeitos a ningunha autorización adicional de entrada en servizo, sempre que

circulen por liñas da rede ferroviaria de interese xeral conformes coa ETI ou nas condicións especificadas nas ETI correspondentes.

3. Nos casos non cubertos polo número 2 deste artigo, o solicitante presentará á autoridade responsable da seguridade ferroviaria a documentación relativa ao vehículo ou tipo de vehículo e ao seu uso na rede ferroviaria de interese xeral. Na dita documentación incluírase, ademais do indicado no artigo 17.2, a seguinte información:

- a) Xustificantes de que o vehículo foi autorizado a entrar en servizo noutro Estado da Unión Europea;
- b) Unha copia do expediente técnico que se xunta á declaración CE de verificación, previsto no anexo VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, que incluírá, no caso de vehículos equipados con rexistradores de datos, documentación sobre o procedemento de recollida de datos que permita a súa visualización e avaliación, coa condición de que a dita información non sexa harmonizada pola ETI correspondente;
- c) Rexistros en que consten, para o vehículo, os antecedentes de mantemento e, se procede, as modificacións técnicas efectuadas con posterioridade á autorización;
- d) Datos sobre as características técnicas e operativas, así como o certificado de conformidade emitido polo organismo notificado ou, de ser o caso, designado, que demostre que o vehículo é compatible coas infraestruturas e coas instalacións fixas (tales como as condicións climáticas, o sistema de subministración de enerxía, o sistema de control-mando e sinalización, o largo de vía e gálibos de infraestrutura, carga por eixe máxima autorizada e outras condicións da rede ferroviaria de interese xeral).

4. Os criterios que deberá verificar a autoridade responsable da seguridade ferroviaria referiranse unicamente:

- Á compatibilidade técnica entre o vehículo e a rede ferroviaria de interese xeral, incluídas as normas nacionais aplicables a aqueles puntos abertos necesarios para garantir a dita compatibilidade;
- Ás normas nacionais aplicables aos casos específicos definidos nas ETI pertinentes.

A verificación destes aspectos só se poderá realizar baseándose nas normas nacionais clasificadas nos grupos B e C, que figuren no documento de referencia nacional establecido conforme a Decisión 2011/155/UE e, na súa falta, nos acordos bilaterais co Estado da Unión Europea no cal se autorizou por primeira vez.

Para realizar esta verificación, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá exixir:

- a) Información adicional para realizar análises de riscos de conformidade co Regulamento de execución (UE) 402/2013, do 30 de abril, ou ensaios sobre a rede ferroviaria de interese xeral.
- b) Certificados de conformidade emitidos polo organismo notificado ou designado e informe do organismo de avaliación da seguridade, respecto da normativa citada neste punto.

5. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria, de ser o caso, tras consultar o solicitante, determinará o alcance e o contido da información complementaria que se achegará, as análises de riscos ou os ensaios requiridos. Os ensaios deberanse realizar nun prazo máximo de tres meses, unha vez que o solicitante e o administrador de infraestruturas ferroviarias acordasen un plan de actuación. De ser o caso, a citada autoridade tomará as medidas necesarias para garantir que se poidan realizar os ensaios.

6. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria resolverá nos prazos que a continuación se indican:

- a) Dous meses despois de se ter presentado a documentación completa prevista no número 3 deste artigo;

b) Tras a análise da citada documentación, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá solicitar información adicional. Tras a súa presentación completa, a citada autoridade deberá adoptar unha decisión no prazo máximo dun mes;

c) Tras a análise da documentación indicada anteriormente, ou como consecuencia da decisión da alínea b) anterior, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá solicitar probas adicionais. Tras a presentación conforme dos seus resultados, a citada autoridade resolverá no prazo máximo dun mes.

En ausencia dunha resolución por parte da autoridade responsable da seguridade ferroviaria, nos prazos establecidos, a entrada en servizo do vehículo en cuestión entenderase que foi autorizada tras un período de tres meses a partir do final dos ditos prazos de acordo co disposto no artigo 21.8 da Directiva 2008/57/CE, do 17 de xuño de 2008. As autorizacións concedidas por outras autoridades nacionais de seguridade por falta de resposta ao interesado nos prazos previstos non terán validez na rede ferroviaria de interese xeral.

Artigo 20. Autorización adicional de entrada en servizo de vehículos non conformes coas ETI.

1. Os vehículos que, estando xa autorizados noutro Estado membro da Unión Europea non estean conformes con todas as ETI correspondentes vixentes no momento da súa entrada en servizo, incluídos aqueles vehículos suxeitos a excepcións, ou cando unha parte significativa dos requisitos esenciais non quedase establecida nunha ou varias ETI, requirirán unha autorización adicional de entrada en servizo que se rexerá polo establecido nos puntos seguintes.

2. O solicitante deberá completar a información recollida no artigo 17.2 desta orde coa seguinte información:

a) Xustificantes de que o vehículo foi autorizado a entrar en servizo noutro Estado membro da Unión Europea e documentos sobre o procedemento seguido para mostrar que o vehículo cumpría os requisitos de seguridade vixentes, incluída, se procede, información sobre as excepcións concedidas;

b) Os datos técnicos, o plan de mantemento e as características funcionais. Aquí inclúense, en caso de vehículos equipados con rexistradores de datos, documentación sobre o procedemento de recollida de datos que permita a súa visualización e avaliación, como se establece no artigo 26 do Real decreto 810/2007, do 22 de xuño;

c) Rexistros en que consten, para o vehículo, os antecedentes de explotación, mantemento e, se procede, as modificacións técnicas efectuadas con posterioridade á autorización;

d) Datos sobre as características técnicas e operativas, así como o certificado de conformidade emitido polo organismo notificado ou, de ser o caso, designado, que demostren que o vehículo é compatible coas infraestruturas e coas instalacións fixas (incluídas tales como as condicións climáticas, o sistema de subministración de enerxía, o sistema de control-mando e sinalización, o largo de vía e os gálibos de infraestrutura, a carga por eixe máxima autorizada e outras condicións da rede ferroviaria de interese xeral).

3. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria, cando exista un risco substancial para a seguridade, poderá solicitar información adicional á mencionada no número 2, alíneas a) e b), deste artigo.

4. En relación co establecido no número 2, alíneas c) e d), deste artigo, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá solicitar información adicional. A verificación destes puntos só se poderá realizar baseándose nas normas nacionais clasificadas nos grupos B e C, que figuren no documento de referencia nacional establecido conforme a Decisión 2011/155/UE e, na súa falta, nos acordos bilaterais co Estado da Unión Europea no cal se autorizou por primeira vez.

Para realizar esta verificación, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá exixir:

a) Información adicional para realizar análises de riscos de conformidade co Regulamento de execución (UE), do 30 de abril, ou ensaios sobre a rede ferroviaria de interese xeral.

b) Certificados de conformidade emitidos polo organismo notificado ou designado e informe do organismo de avaliación da seguridade, respecto da normativa citada neste punto.

5. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria, de ser o caso, tras consultar co solicitante, determinará o alcance e o contido da información complementaria, as análises de riscos ou os ensaios requiridos. Estes ensaios deberanse realizar nun prazo máximo de tres meses, unha vez que o solicitante e o administrador de infraestruturas ferroviarias acordasen un plan de actuación. De ser o caso, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria adoptará as medidas necesarias para garantir que os ensaios poidan ter lugar.

6. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria adoptará unha decisión nos prazos que a continuación se indican:

a) Catro meses despois de se presentar a documentación completa prevista no número 2 deste artigo;

b) Tras a análise da citada documentación, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá solicitar información adicional ou análises de riscos conforme o número 3 do presente artigo. Tras a súa presentación completa, a citada autoridade deberá adoptar unha decisión no prazo máximo de dous meses;

c) Tras a análise da documentación indicada anteriormente, ou como consecuencia da decisión da alínea b) anterior, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá solicitar ensaios na rede ferroviaria de interese xeral conforme o número 3 deste artigo. Tras a presentación conforme dos seus resultados, a citada autoridade resolverá no prazo máximo de dous meses.

En ausencia dunha decisión por parte da autoridade responsable da seguridade ferroviaria, nos prazos establecidos, entenderase que a entrada en servizo do vehículo en cuestión foi autorizada tras un período de tres meses a partir do final dos ditos prazos, de acordo co disposto no artigo 21.8 da Directiva 2008/57/CE, do 17 de xuño de 2008. As autorizacións concedidas por outras autoridades nacionais de seguridade por falta de resposta ao interesado destas nos prazos previstos non terán validez na rede ferroviaria de interese xeral.

Artigo 21. *Autorización de tipo e renovación de tipo.*

1. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria concederá, se procede, autorizacións de tipo, ben de oficio nos casos a que se refire o artigo 17.6 desta orde, ben cando especificamente así se solicite. Para a autorización de tipo, a citada autoridade seguirá o disposto nos artigos 17 e 18 desta orde particularizado ao tipo. Os certificados de verificación emitidos polo organismo notificado serán os certificados «CE» de exame de tipo e/ou certificados «CE» de exame de deseño, de se aplicaren, respectivamente, os módulos SB e/ou SH1 recollidos na Decisión 2010/713/UE.

2. No caso de que se modificasen as pertinentes disposicións das ETI e das normas nacionais sobre cuxa base se autorizase un tipo determinado de vehículo, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria decidirá se as autorizacións do tipo de que se trate xa concedidas seguen sendo válidas ou é necesario renovarlas.

3. Os criterios que deberá verificar a autoridade responsable da seguridade ferroviaria no caso de que se renove a autorización para un tipo determinado unicamente afectarán as normas modificadas.

4. A renovación da autorización dun tipo determinado non afectará as autorizacións de vehículos xa concedidas sobre a base de tipos previamente autorizados.

5. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria, de conformidade coa lexislación comunitaria, subministraralle á Axencia Ferroviaria Europea a información necesaria sobre a autorización dun tipo, a súa modificación, suspensión ou revogación para o seu rexistro no ERATV.

6. Naqueles casos en que o solicitante dunha autorización de tipo iniciase o procedemento en varios Estados membros ao mesmo tempo, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria cooperará co resto de autoridades implicadas na simplificación do procedemento e en reducir ao máximo a carga administrativa que comporta.

Artigo 22. *Autorización de vehículos conformes cun tipo autorizado.*

1. No caso de solicitudes de autorizacións de vehículos conformes cun tipo xa autorizado ou continuacións de serie, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria, de conformidade co artigo 14.6 desta orde, determinará se o vehículo é conforme ou non cun tipo debidamente autorizado.

2. Un vehículo conforme cun tipo xa autorizado en España será autorizado pola autoridade responsable da seguridade ferroviaria de acordo coa declaración de conformidade con ese tipo presentada polo solicitante, sen verificacións adicionais.

3. A solicitude de autorización presentarase ante a autoridade responsable da seguridade ferroviaria e deberá incluír:

- a) A información indicada no artigo 17 desta orde.
- b) Unha declaración de conformidade co tipo. O solicitante utilizará o modelo de declaración de tipo adoptado polo Regulamento (UE) 2011/201, do 1 de marzo de 2011, sobre o modelo de declaración de conformidade cun tipo autorizado de vehículo ferroviario,
- c) A documentación que inclúa as probas de que se seguiron os procedementos pertinentes de verificación de conformidade coa lexislación comunitaria aplicable e coas normas nacionais notificadas, con indicación das directivas, das ETI, das normas nacionais e doutras disposicións baixo as cales se amparan. En particular, os certificados de verificación emitidos polo organismo notificado serán os certificados «CE» de verificación e poderanse aplicar os módulos SD, SF ou SH1 recollidos na Decisión 2010/713/UE.

A dita solicitude poderase presentar nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a través de medios electrónicos, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Un vehículo conforme cun tipo xa autorizado noutro Estado membro da Unión Europea será autorizado pola autoridade responsable da seguridade ferroviaria de acordo coa declaración de conformidade con ese tipo presentada polo solicitante. Con todo, neste caso, poderase solicitar a documentación e a verificación adicionais establecidas nos artigos 19 e 20 desta orde.

Artigo 23. *Modificacións.*

1. Para as modificacións realizadas en vehículos ferroviarios que durante a fase de comunicación previa detallada no artigo 14.6 recibisen informe da autoridade responsable da seguridade ferroviaria sobre a necesidade dunha nova autorización de entrada en servizo, aplicarase o disposto no punto seguinte.

2. A solicitude de autorización de entrada en servizo incluírá, ademais do indicado no artigo 17 desta orde, a documentación recollida no artigo 18, pero indicando exclusivamente aquelas características modificadas, a súa interface co resto de subsistemas e, en caso de verse afectada, a interface entre o vehículo e a rede ferroviaria de interese xeral.

CAPÍTULO IV

Procedemento que se seguirá tras a autorización

Artigo 24. *Establecemento de compatibilidade do tren coa ruta.*

1. Unha vez que un vehículo obtivo a autorización de entrada en servizo, será responsabilidade da empresa ferroviaria a formación do tren e garantir que o dito tren é compatible coa ruta pola cal vai circular. Para iso, a empresa ferroviaria disporá de procedementos dentro do seu sistema de xestión da seguridade e seguirá o establecido na normativa vixente relativa a operacións e xestión do tráfico.

2. Para garantir a compatibilidade coa ruta, a empresa ferroviaria deberá dispor da información precisa a través do Rexistro de Infraestrutura definido pola Decisión 2011/633/UE. Mentres ese rexistro non estea totalmente operativo, e sen prexuízo do indicado no punto anterior, a empresa ferroviaria poderá:

a) Delegar a dita comprobación no administrador de infraestruturas ferroviarias, se existe acordo previo entre ambas as partes.

b) Se non existe acordo, deberá solicitar ao administrador de infraestruturas ferroviarias a información necesaria para poder realizar a dita comprobación. A totalidade da información deberá ser facilitada no prazo máximo dun mes desde a súa solicitude.

TÍTULO VII

Inspeccións, suspensións e revogacións

CAPÍTULO I

Inspección

Artigo 25. *Inspección dos subsistemas estruturais e de vehículos.*

1. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá inspeccionar os subsistemas estruturais e os vehículos que integran o sistema ferroviario en calquera momento, con obxecto de comprobar que se explotan e manteñen de conformidade cos requisitos esenciais exixidos.

2. En relación co material rodante que circula pola rede ferroviaria de interese xeral, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá solicitar en calquera momento a asistencia técnica e operativa do administrador de infraestruturas ferroviarias para realizar as inspeccións mencionadas neste artigo. O administrador de infraestruturas ferroviarias, nos prazos que lle soliciten, deberá achegar para este fin os medios e as condicións que se requiran e estableza a citada autoridade.

3. As inspeccións mencionadas neste artigo formarán parte das actividades de supervisión dos sistemas de xestión da seguridade dos administradores de infraestruturas ferroviarias e empresas ferroviarias, tras a emisión das súas autorizacións de seguridade e certificados de seguridade, respectivamente.

4. No caso dos vehículos, se do resultado das inspeccións se conclúe que existe un risco para a seguridade da circulación ferroviaria, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá:

a) Ordenarlle ao titular do vehículo inspeccionado a realización das operacións de conservación oportunas nun prazo determinado.

b) Ordenar a inmovilización do material, iniciando o procedemento de suspensión ou revogación establecido nesta orde.

Todo o anterior sen prexuízo da capacidade do administrador de infraestruturas ferroviarias de paralizar a circulación dun vehículo de se apreciar que esta pode pór en perigo a seguridade.

As inspeccións de vehículos poderán comportar, logo de xustificación motivada, a realización de probas ou a desmontaxe de calquera elemento deste.

Durante a supervisión, por parte da autoridade responsable da seguridade ferroviaria, dos requisitos e dos criterios de avaliación aplicables ás entidades encargadas do mantemento, teranse en conta os resultados das inspeccións efectuadas aos vehículos dos cales a citada entidade é responsable.

Artigo 26. *Inventario de vehículos.*

Dentro das súas funcións de asistencia técnica e operativa á autoridade responsable da seguridade ferroviaria, o administrador de infraestruturas ferroviarias incorporará ao inventario a que se refire o artigo 19 do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, toda a información relativa ao estado e ás características dos vehículos que estean autorizados para circularen pola rede ferroviaria de interese xeral. Os titulares dos vehículos ferroviarios e as empresas ferroviarias comunicarán os datos dos vehículos e as súas modificacións que en cada momento sexan necesarios para o mantemento actualizado do dito inventario. Este inventario poderá ser consultado pola empresa ferroviaria que opere o material e polos titulares para o seu propio material.

CAPÍTULO II

Suspensión e revogación das autorizacións de entrada en servizo de subsistemas estruturais e vehículos

Artigo 27. *Suspensión e revogación da autorización de entrada en servizo dos subsistemas estruturais.*

1. Se, no exercicio das súas competencias, a autoridade responsable da seguridade ten coñecemento de que un subsistema estrutural deixou de cumprir os requisitos esenciais en virtude dos cales foi concedida a súa autorización de entrada en servizo, suspenderá esta autorización e porá en coñecemento da situación o responsable do subsistema, comunicándolle as causas e razóns da suspensión e indicándolle o prazo máximo en que deberá adoptar as medidas pertinentes para emendar as deficiencias detectadas co fin de que, unha vez comprobada a súa adopción, se poida levantar a citada suspensión.

2. O interesado disporá dun prazo de quince días, contados desde a data en que se lle notifique a suspensión, para formular as alegacións que xulgue pertinentes. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria ditará resolución motivada dentro do prazo dos quince días seguintes ao da terminación do prazo anterior e comunicarlle ás partes interesadas. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución de suspensión, producirase a caducidade do procedemento.

3. No caso de que a emenda non se produza no prazo establecido na resolución de suspensión, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria, mediante a correspondente resolución, revogará a autorización de entrada en servizo do subsistema. Todo isto sen prexuízo, de ser o caso, do inicio de actuacións en relación co certificado de seguridade da empresa ferroviaria ou coa autorización de seguridade do administrador de infraestruturas ferroviarias que poidan derivar como consecuencia do incumprimento das condicións exixibles en materia de explotación ou mantemento.

4. A resolución de revogación será inmediatamente executiva. Toda revogación se lles comunicará a todos os posibles interesados e se inscribirá nos rexistros oportunos. No caso de revogación de autorizacións adicionais emitidas conforme os artigos 19 e 20 desta orde, notificaráselle á autoridade responsable da seguridade que expedise a autorización inicial.

5. A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun

mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

6. A revogación da autorización de entrada en servizo non dará lugar a ningunha indemnización a favor do seu titular e levarase a efecto sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do réxime sancionador previsto na normativa vixente.

Artigo 28. *Suspensión e revogación da autorización de entrada en servizo de vehículos.*

1. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria poderá prohibir motivadamente a circulación dun vehículo ferroviario, para o cal suspenderá a autorización de entrada en servizo do dito vehículo ferroviario.

2. A autorización de entrada en servizo dun vehículo ferroviario poderá ser suspendida cando:

- a) O solicite o propietario ou o titular do vehículo ferroviario.
- b) Se incumpra o plan de mantemento do vehículo ferroviario, afectando o cumprimento dos requisitos esenciais.
- c) Se realizase calquera modificación no plan de mantemento do vehículo que non fose aprobada pola entidade encargada do seu mantemento responsable.
- d) Resulten afectadas as garantías de seguridade, fiabilidade e compatibilidade exigidas ao vehículo como consecuencia das inspeccións a que se refire o artigo 25.
- e) Se produza unha deterioración durante a súa explotación ou mantemento que poida afectar o cumprimento dos requisitos esenciais. Se esta deterioración afecta varios vehículos dunha mesma serie, a suspensión poderase estender a todos os vehículos integrantes desta mentres non se resolva o problema detectado.

A suspensión producirase de forma inmediata nos supostos previstos nas alíneas a), b), c) e d) do punto anterior, todo isto sen prexuízo do resultado do procedemento de suspensión a que se refire o punto seguinte.

3. O interesado disporá dun prazo de quince días, contados desde a data en que se lle notifique a suspensión, para formular as alegacións que considere pertinentes. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria ditará resolución motivada dentro do prazo dos quince días seguintes ao da terminación do prazo anterior e comunicarlle ás partes interesadas. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución de suspensión, producirase a caducidade do procedemento.

4. A suspensión notificaráselle ao administrador de infraestruturas ferroviarias para que proceda en consecuencia á hora de permitir a circulación dun vehículo pola súa rede.

5. O titular dun vehículo ferroviario cuxa autorización fose suspendida poderá solicitar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria que deixe sen efecto a dita suspensión cando sexan emendadas as deficiencias que a ocasionaron.

6. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria revogará a autorización de entrada en servizo dun vehículo ferroviario cando:

- a) O solicite o propietario ou o titular do vehículo ferroviario.
- b) As deficiencias que provocasen a suspensión da dita autorización non fosen emendadas.

7. A resolución de revogación será inmediatamente executiva. Toda revogación se lles comunicará a todos os posibles interesados e se inscribirá nos rexistros oportunos.

A resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes; o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, deberase entender desestimado o dito recurso.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorreren á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

8. A revogación da autorización de entrada en servizo non dará lugar a ningunha indemnización a favor do seu titular e levarase a efecto sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do réxime sancionador previsto na normativa vixente.

TÍTULO VIII

Réxime económico

Artigo 29. *Taxa por certificación de material rodante*

1. Para os efectos deste artigo, conforme o disposto no artigo 69 da Lei 39/2003, do 17 novembro, do sector ferroviario, enténdese por certificación de material rodante a expedición, por parte da autoridade responsable da seguridade ferroviaria, da autorización de entrada en servizo correspondente a cada vehículo ferroviario. Por outra banda, non se considera certificación o exclusivo cambio da numeración NVE dun vehículo, sempre que iso non comporte a realización de modificacións no dito vehículo.

2. De conformidade co artigo 69.4.c) da Lei 39/2003, do 17 de novembro, establécense as seguintes contías para a taxa por certificación de material rodante:

Clase de vehículo	Euros/vehículo ferroviario
Locomotoras:	
– Tipo.....	3.000
– Modificación de tipo.....	300
– Continuacións de serie.....	300
Unidades autopulsadas:	
– Tipo.....	6.000
– Modificación de tipo.....	600
– Continuacións de serie.....	300
Coches:	
– Tipo.....	1.000
– Modificación de tipo.....	100
– Continuacións de serie.....	100
Vagóns:	
– Tipo.....	1.000
– Modificación de tipo.....	100
– Continuacións de serie.....	100
Material auxiliar:	
– Tipo.....	600
– Modificación de tipo.....	100
– Continuacións de serie.....	100

Tipo: o vehículo que non teña un tipo autorizado, ben sexa novo, ben necesite unha autorización adicional.

Modificación do tipo: o vehículo tipo dunha modificación e que requira nova autorización.

Continuacións de serie: cada un dos vehículos pertencentes a un tipo xa autorizado, ben sexa un vehículo novo, ben modificado.

Disposición adicional primeira. *Autorización á autoridade responsable da seguridade ferroviaria.*

A autoridade responsable da seguridade ferroviaria adoptará as medidas necesarias para o cumprimento desta orde e resolverá as dúbidas que se poidan suscitar en relación con ela.

Disposición adicional segunda. *Réxime aplicable a acordos de aceptación cruzada de material rodante.*

A autoridade responsable da seguridade ferroviaria, en virtude das competencias que se lle asignan nesta orde, poderá subscribir acordos de aceptación cruzada de material rodante ferroviario con outros Estados membros da Unión Europea para facilitar a admisión do dito material, de acordo cos obxectivos e cos procedementos establecidos na normativa comunitaria.

Os ditos acordos poderán incluír procedementos simplificados e establecer particularidades na documentación que se deba presentar.

Disposición adicional terceira. *Matriculación do material rodante.*

Para efectos da inscrición dos datos sobre a matrícula dos vehículos ferroviarios na sección de material rodante do Rexistro Especial Ferroviario, prevista no artigo 134.2.i) do Regulamento do sector ferroviario, e do sistema de numeración de vehículos do artigo 18 do Real decreto 1434/2010, serán aplicables as regras establecidas nas especificacións técnicas de interoperabilidade de explotación e xestión do tráfico.

Asignaráselles o NVE aos vehículos soamente unha vez, a menos que se especifique o contrario na ETI relativa ao funcionamento e á xestión do tráfico, con independencia das posibles autorizacións adicionais que requira o vehículo.

En calquera caso, o solicitante da primeira autorización de entrada en servizo dun vehículo será responsable de marcar o vehículo de que se trate co NVE que teña asignado.

Disposición adicional cuarta. *Material rodante ferroviario que circulaba pola rede de largo métrico da rede ferroviaria de interese xeral antes do 1 de xaneiro de 2013.*

1. De acordo co artigo 2 do Real decreto lei 22/2012, do 20 de xullo, polo que se adoptan medidas en materia de infraestruturas e servizos ferroviarios, e coa disposición adicional octoxésimo novena da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, todo o material rodante ferroviario con que contase Feve en 31 de decembro de 2012 se integrou, segundo a súa natureza e adscrición á infraestructura ou ás operacións de transporte, en ADIF ou Renfe-Operadora, respectivamente, para dar cumprimento ao exercicio das funcións propias de cada entidade.

Así mesmo, o material rodante ferroviario que estea autorizado a circular previamente pola rede ferroviaria de interese xeral de largo métrico explotada por Feve antes da súa extinción queda autorizado a circular sobre a dita rede nos mesmos termos en que o estivese facendo antes do 1 de xaneiro de 2013. A validez desta autorización suxeitarase ao disposto para ese efecto nesta orde.

En todo caso, os ditos vehículos deberán ser inscritos na sección V do Rexistro Especial Ferroviario.

2. Con todo, todo titular de material rodante considerado incluído no punto anterior deberá presentar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta orde, a seguinte documentación:

- a) Datos identificativos do vehículo ferroviario para o cal se solicita o documento de autorización.
- b) Plan de mantemento do vehículo ferroviario.
- c) Xustificación de que o vehículo estaba autorizado antes do 1 de xaneiro de 2013.

3. A autoridade responsable da seguridade ferroviaria, tras comprobar que o vehículo ferroviario dispuña con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 dunha autorización para circular sobre a rede ferroviaria de largo métrico de competencia estatal, outorgará formalmente a correspondente autorización de entrada en servizo, que non terá a consideración de certificación de material rodante para os efectos do artigo 29 da presente orde.

4. No caso de que a autorización para circular dun vehículo estivese suspendida en 31 de decembro de 2012, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria proseguirá co expediente de suspensión, e a decisión de autorizar ou non o dito vehículo adoptarase no momento da finalización do citado expediente.

5. Cando non se presente no prazo establecido anteriormente a documentación referida no número 2, revogarase a preexistente autorización para circular do vehículo ferroviario afectado.

Disposición adicional quinta. *Informe da Axencia Ferroviaria Europea en supostos de recursos sobre autorizacións de entrada en servizo de vehículos.*

Dentro do procedemento de tramitación de recursos relativos ás autorizacións de entrada en servizo de vehículos, o órgano competente para a súa resolución poderá, se o considera pertinente, solicitar ditame á Axencia Ferroviaria Europea, que lles será notificado ao recorrente e á autoridade responsable da seguridade ferroviaria.

Disposición adicional sexta. *Cláusula de non incremento de dotacións nin gastos de persoal.*

As medidas contidas nesta orde non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Normativa aplicable para a posta en servizo de vehículos ata a aprobación das instrucións ferroviarias.*

1. Mentres que non se aproben as IF relativas aos subsistemas «Material rodante» e «Control-mando e sinalización-equipos a bordo», aplicarase a seguinte normativa:

- a. As correspondentes especificacións técnicas de interoperabilidade vixentes nese momento.
- b. As especificacións técnicas de homologación (ETH) correspondentes, naqueles aspectos complementarios ás citadas ETI.

2. A normativa que, ata a publicación das IF relativas á rede de largo métrico, rexerá os procedementos de validación está composta polas seguintes normas e instrucións técnicas:

- a) A especificación técnica de material rodante de largo métrico (ETM) aprobada o 13 de decembro de 2012 mediante a Circular n.º 22/2012 da Presidencia de Feve.
- b) A norma básica de seguridade do material (NBSM), aprobada en maio de 2002, para o material de largo métrico ao cal non aplique a anterior ETM.

Estas regras serán obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado» a través da correspondente resolución da autoridade responsable da seguridade ferroviaria.

Disposición transitoria segunda. *Réxime aplicable no momento de entrada en servizo de subsistemas en fase de desenvolvemento ou de execución.*

Para o caso dos subsistemas que estean en fase de desenvolvemento ou execución no momento de entrada en vigor desta orde, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria, logo de solicitude do interesado, poderá decidir non aplicala para a autorización de entrada en servizo dos ditos subsistemas, tendo en conta, entre outros aspectos, o

grao de avance en que se atopen os traballos de posta en servizo, cos condicionantes que en cada caso correspondan segundo a motivación da solicitude realizada.

Disposición transitoria terceira. *Réxime de validez das autorizacións de posta en servizo e de circulación expedidas de conformidade coa Orde FOM/233/2006, do 31 de xaneiro, pola que se regulan as condicións para a homologación do material rodante ferroviario e dos centros de mantemento e se fixan as contías da taxa por certificación do dito material.*

1. Todo vehículo ferroviario que no momento da entrada en vigor desta orde estea habilitado para circular pola rede ferroviaria de interese xeral e se encontre inscrito no Rexistro Especial Ferroviario poderá seguir circulando pola dita rede nas mesmas condicións en que estivese autorizado para iso.

2. Respecto dos vehículos que no momento da entrada en vigor desta orde dispoñan dunha autorización de posta en servizo e dunha autorización de circulación outorgadas segundo os requisitos exixidos na Orde FOM/233/2006, considerarase para todos os efectos que dispoñan dunha autorización de entrada en servizo das recollidas na presente orde, coa condición de que manteñan os respectivos requisitos que se exixiron para a súa obtención, e rexerán os condicionantes e os requisitos que figuren nas autorizacións preexistentes citadas.

Con todo, se no momento de entrada en vigor desta orde un vehículo ferroviario a que se refire o punto anterior ten a autorización de circulación suspendida, o seu titular poderá solicitar a restitución da autorización de circulación perante a autoridade responsable da seguridade ferroviaria, que a concederá no caso de que se cumpran as condicións para iso; concedida esta, será de aplicación o establecido no parágrafo anterior. Se no prazo de 6 meses desde a entrada en vigor desta orde o titular non solicita a restitución da citada autorización, esta decaerá.

Disposición transitoria cuarta. *Continuidade dos procedementos iniciados de autorización de posta en servizo de vehículos.*

1. Todo vehículo ferroviario que iniciase perante a autoridade responsable da seguridade ferroviaria o proceso de validación ata tres meses despois da entrada en vigor desta orde poderá optar por continuo de acordo coa normativa anterior que lle fose de aplicación ou polo establecido nesta orde.

2. No caso particular de vehículos de largo métrico que iniciasen a súa validación con anterioridade a esta orde, deberáselle comunicar á autoridade responsable da seguridade ferroviaria, dentro dos tres meses seguintes á súa entrada en vigor, a intención de proseguir co proceso de validación de conformidade coas normas preexistentes. Unha vez superado este prazo, será de aplicación o réxime xeral establecido nesta orde. Concluído o proceso de validación de acordo coas normas preexistentes, este material deberá obter a correspondente autorización conforme o establecido na disposición adicional cuarta.

Disposición transitoria quinta. *Inspección de vehículos.*

Mentres a autoridade responsable da seguridade ferroviaria non desenvolva un plan de inspección propio en relación co ordinal primeiro do artigo 25 desta orde nin estableza o réxime de colaboración que, de acordo co ordinal segundo do dito artigo, debe prestar a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, esta deberá seguir realizando a inspección de vehículos tal como vén realizando.

Os resultados das inspeccións de vehículos que leve a cabo a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias deberán ser comunicados á autoridade responsable da seguridade ferroviaria coa periodicidade que se estableza e, na súa falta, cada mes. Con todo, ante calquera solicitude da autoridade responsable da seguridade ferroviaria, esa entidade pública deberalle comunicar a información de que dispón.

Disposición transitoria sexta. *Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria.*

Mentres non se poña en funcionamento a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria a que se refire o parágrafo quinto do número 1 da disposición adicional terceira da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, as funcións de autoridade responsable da seguridade ferroviaria serán realizadas pola Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento, de acordo co disposto na disposición transitoria oitava da Lei do sector ferroviario, e no artigo 2.v) do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

As resolucións que dite a Dirección Xeral de Ferrocarrís ao abeiro desta orde non porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso de alzada, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derogatoria única. *Derrogación parcial da Orde FOM/ 233/2006, do 31 de xaneiro, pola que se regulan as condicións para a homologación do material rodante ferroviario e dos centros de mantemento e se fixan as contías da taxa por certificación do dito material.*

Queda derogada parcialmente a Orde FOM/233/2006, do 31 de xaneiro, pola que se regulan as condicións para a homologación do material rodante ferroviario e dos centros de mantemento e se fixan as contías da taxa por certificación do dito material, en concreto os artigos 3 e 4 do título I, o título II, o título III, o título IV, os artigos 15, 16, 18 e 19 do título V, e o título VII, así como as disposicións adicionais.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde FOM/233/2006, do 31 de xaneiro, pola que se regulan as condicións para a homologación do material rodante ferroviario e dos centros de mantemento e se fixan as contías da taxa por certificación do dito material.*

Un. O título da orde queda redactado como segue:

«Orde FOM/233/2006, do 31 de xaneiro, pola que se determinan o réxime de homologación dos centros de material rodante e as súas condicións de funcionamento.»

Dous. O artigo 1 queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 1. *Obxecto e alcance desta orde.*

É obxecto desta orde a determinación do réxime de homologación dos centros de mantemento de material rodante e das súas condicións de funcionamento.»

Tres. As mencións á Dirección Xeral de Ferrocarrís entenderanse referidas á autoridade responsable da seguridade ferroviaria.

Catro. Engádense tres novas disposicións adicionais á Orde FOM/233/2006, do 31 de xaneiro, co seguinte contido:

«Disposición adicional primeira. *Homologación e habilitacións dos centros de mantemento de material de que dispuxese a entidade pública empresarial Feve en 31 de decembro de 2012.*

1. De acordo coa disposición adicional octoxésimo novena da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, os centros de mantemento de material rodante ferroviario á disposición de Feve en 31 de decembro de 2012 para a realización das intervencións e operacións de mantemento de vehículos ferroviarios consideraranse homologados e en

disposición das habilitacións que se acrediten na declaración a que se refire o número 2.b) seguinte e que lles permitan continuar exercendo as intervencións ou operacións de mantemento que viñeren realizando ata esa data.

2. Non obstante o anterior, os titulares dos centros de mantemento recollidos no punto anterior deberán presentar, antes de transcorridos dous anos desde a entrada en vigor desta orde, ante a autoridade responsable da seguridade ferroviaria e o administrador de infraestruturas ferroviarias, respectivamente, a seguinte documentación:

a) Documentación identificativa do centro de mantemento, incluíndo o seu plan de calidade.

b) Declaración de Renfe-Operadora que acredite a realización, por parte do centro de mantemento, das intervencións e operacións que, con anterioridade á entrada en vigor desta orde, viña executando para o material rodante ferroviario que circulaba pola rede de largo métrico da rede ferroviaria de interese xeral.

c) Declaración que recolla as actividades que realiza e os medios con que conta.

3. Revisada a citada documentación, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria entregará o documento acreditativo da correspondente homologación ao centro. Así mesmo, o administrador de infraestruturas ferroviarias entregará a documentación acreditativa da habilitación ou habilitacións oportunas.

Disposición adicional segunda. Outros centros de mantemento de material rodante ferroviario que circulaba pola rede ferroviaria de interese xeral de largo métrico.

1. Aqueles centros de mantemento de material rodante ferroviario distintos dos recollidos na disposición anterior que, en 31 de decembro de 2012, estivesen autorizados para o mantemento do material rodante ferroviario que circulaba pola rede ferroviaria de interese xeral de largo métrico consideraranse homologados e habilitados, durante un prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta orde, para continuaren executando no dito material rodante as intervencións ou operacións de mantemento que viñesen realizando e deberán, antes de que se cumpra o citado prazo, adecuarse ao disposto nela.

2. Non obstante o anterior, dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor desta orde, os centros de mantemento referidos no punto anterior deberán presentar, ante a autoridade responsable da seguridade ferroviaria e o administrador de infraestruturas ferroviarias, a seguinte documentación:

a) Documentación identificativa do centro de mantemento, incluíndo o seu plan de calidade.

b) Declaración responsable do interesado que acredite a realización de intervencións ou operacións de mantemento con anterioridade á entrada en vigor desta orde.

c) Declaración que recolla as actividades que realiza e os medios con que conta.

d) Declaración responsable que acredite que o centro de mantemento dispón de capacidade financeira suficiente para facer fronte ás súas obrigacións.

No prazo de dous meses desde a presentación da dita documentación, a autoridade responsable da seguridade ferroviaria e o administrador de infraestruturas ferroviarias outorgarán formalmente, respectivamente, a homologación e as habilitacións correspondentes ou, de ser o caso, denegaranas, motivadamente.

Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderanse estimadas a homologación e a habilitación correspondente.

3. A validez das homologacións que se outorguen de conformidade con esta disposición suxeitarase ao establecido para ese efecto nesta orde.

Así mesmo, a validez das habilitacións que se outorguen conforme o recollido nesta disposición estará limitada ao prazo indicado no primeiro punto.

Disposición adicional terceira. *Autorización á autoridade responsable da seguridade ferroviaria.*

A autoridade responsable da seguridade ferroviaria adoptará as medidas necesarias para o cumprimento desta orde e resolverá as dúbidas que en relación con ela se poidan suscitar.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a, 21.^a e 24.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral e débeda do Estado, ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma, e en materia de obras públicas de interese xeral ou cuxa realización afecte máis dunha comunidade autónoma, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde complétase a incorporación ao dereito español da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de febreiro de 2015.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.

ANEXO

Percorridos que deberán realizar os vehículos para obteren a autorización de entrada en servizo

1. Aspectos xerais: os percorridos finais definidos mediante este anexo teñen por obxecto facilitarlle ao solicitante a demostración do cumprimento de requisitos de compatibilidade técnica e integración segura coa rede ferroviaria de interese xeral. De maneira alternativa, o solicitante poderá propor outros métodos para demostrar o cumprimento destes aspectos.

Os percorridos deberanse realizar nunha configuración estable do vehículo, en condicións similares ás de explotación futura. Serán independentes dos percorridos realizados durante os procesos de validación do resto de requisitos.

Por outra banda, estes percorridos poderán servir para outros fins tales como a obtención da habilitación do persoal de condución ou a simulación comercial, coa condición de que se realicen nas condicións adecuadas.

2. Criterios para a definición dos percorridos: os percorridos realizaranse naqueles tramos da rede ferroviaria de interese xeral con características similares ás das liñas polas cales vai circular o material rodante obxecto de validación por proposta do solicitante. Para a realización destes percorridos deberase dispor da correspondente autorización provisional de circulación de acordo co artigo 16 desta orde.

2.1 Percorridos para o primeiro vehículo dunha serie («tipo»).—Os quilómetros que se realizarán son os seguintes:

- Autopropulsados:
 - Material de alta velocidade e velocidade superior a 160 km/h:
 - Vehículos tipo de tecnoloxía nova: 25.000 km.
 - Vehículos tipo a partir de series de vehículos en circulación, sen innovacións tecnolóxicas significativas: 10.000 km.
 - Resto de material: 5.000 km.
- Locomotoras:
 - Novo desenvolvemento: 10.000 km.
 - Evolución de series existentes: 5.000 km.
 - Locomotoras de manobras: 2.000 km.
- Coches: 2.000 km.
- Vagóns: 1.000 km (dos cales 500 en carga e 500 en baleiro).
- Vehículos ferrocarril-estrada (bimodais) e similares: 100 km.
- Resto de material auxiliar: 500 km.

2.2 Percorridos adicionais en condicións extraordinarias. Cando estea previsto que o vehículo obxecto da validación vaia circular en condicións extraordinarias, o solicitante deberá, de ser o caso, propor xustificadamente percorridos adicionais aos fixados nos puntos anteriores.

Os supostos en que se poden dar estas condicións extraordinarias poden ser, entre outros:

- Vehículos que circularán por liñas con características xeométricas especialmente restritivas, por riba do establecido nas normas aplicables (raios moi reducidos, pendentes moi elevadas, carga por eixe limitada...).
- Material ferroviario con tecnoloxía totalmente innovadora, non experimentada anteriormente.

3. Supervisión dos percorridos e informe final: o informe final sobre o comportamento do vehículo durante estes será emitido polo organismo designado. A supervisión dos percorridos será realizada polo dito organismo designado ou a través dun avaliador independente. As súas conclusións serán tidas en conta polo informe do avaliador de seguridade.

No dito informe teranse en conta, polo menos:

- O procedemento de control destes percorridos establecido polo fabricante.
- Resultados das operacións e intervencións do plan de mantemento que se realizaron durante este período.
- Descrición e valoración das incidencias habidas durante os percorridos.
- Conclusións sobre a integración do vehículo e a súa compatibilidade coa rede ferroviaria de interese xeral.

Se, durante a realización destes percorridos, se produce unha incidencia significativa que afecte a seguridade na circulación e tras cuxa análise se conclúe que a súa emenda comporta a perda da configuración estable do vehículo, deberanse iniciar de novo os percorridos unha vez realizadas e validadas as modificacións necesarias para liquidar a incidencia.